



**UPD BARBANZA-NOIA**

## NOTA DE PRENSA

A **UPD do Pacto Territorial de Emprego Barbanza-Noia** presenta o seu novo proxecto denominado: **OFERTAS NUN CLICK**.

Trátase dunha iniciativa na que **todos** os establecementos comerciais e hostaleiros das comarcas de Barbanza e Noia poderán participar. Contarán con promoción gratuíta a través do noso novo blog e a maiores poderán publicitar un máximo 3 produtos e/ou servizos (as ofertas terán unha duración de 15 días, ampliables a elección do propio establecemento).

Esta nova iniciativa atópase en activo dende comezos da semana pasada e está tendo boa acollida por parte dos comerciantes.

Neste apartado incluíronse tamén **axudas e subvencións** para temas de comercio, turismo, hostalería, e sector empresarial en xeral, polo que se espera que esta nova ferramenta sexa de utilidade para todos os empresarios, así como para o público en xeral.

A maiores, neste blog recóllense diversos temas de interese sobre as comarcas de Barbanza e Noia, como poden ser temas culturais, do medio natural, etc.

No blog dispoñemos dun **calendario de eventos** no que os usuarios poden saber que facer cada día en Barbanza-Noia. Contamos tamén cun apartado musical, co fin de promocionar ós grupos da zona: **O tema da semana**, e cun apartado específico para escritores e artistas, entre outros moitos temas diversos.

O enderezo é: <http://barbanoiaonline.wordpress.com>

Os establecementos interesados en participar nesta iniciativa e/ou solicitar para máis información poden poñerse en contacto coa UPD Barbanza-Noia:

Teléfonos: **981 841 826 – 608 868 110**

E-mails: [tecemprendemento@updbarbanza-noia.org](mailto:tecemprendemento@updbarbanza-noia.org)  
[updbarbanoia@hotmail.com](mailto:updbarbanoia@hotmail.com)